

# O PROFESOR CHALADO

[Jerry Lewis, 1963]

# 421

**PASES EN NUMAX:** 7, 16 e 21 de agosto | V.O.S.E.

*The Nutty Professor* (1963, 107')

**Dirección:** Jerry Lewis

**Guión:** Jerry Lewis, Bill Richmond (Novela: Robert Louis Stevenson)

**Elenco:** Jerry Lewis, Stella Stevens, Del Moore, Kathleen Freeman, Med Flory, Norman Alden, Howard Morris, Henry Gibson, Eliva Allman

**Montaxe:** John Woodcock

**Dirección de arte:** Hal Pereira, Walter H. Tyler

**Fotografía:** W. Wallace Kelley

**Música:** Walter Scharf

**Produtoras:** Paramount (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Classic Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*El loco mundo de Jerry*, 1983

*¿Dónde está el frente?*, 1970

*Tres en un sofá*, 1966

*Las joyas de la familia*, 1965

*El terror de las chicas*, 1961

*Un espía en Hollywood*, 1961

*El botones*, 1960

## PREMIOS E FESTIVAIS

National Film Preservation Board 2004

## SINOPSE

Julius Kelp, un profesor universitario de química bastante desafortunado na súa vida social, dá coa fórmula dunha apócema que o converte nunha persoa totalmente diferente: Un home forte, elegante e atractivo que se fará chamar Buddy Love.

«Un xenio. O cumio do artificio mestúrase coa nobreza do documental»

Jean-Luc Godard



## A derradeira entrevista con Jerry Lewis

Por Sam Adams

**Pensou en retirarse?** Por que?

**En ningún momento pensou que chegou o momento de retirarse?** Por que?

**Vostede vén dunha xeración un pouco maior. Penso en Bob Hope, George Burns, Sinatra. Ve similitudes con eles?** Ningunha.

**Por que cres que a xente da súa xeración segue a traballar?** Porque o facemos ben.

**Que diferenzas atopas entre a forma de actuar de hoxe e de hai vinte anos?** Non hai diferenzas.

**Como fas que o teu material siga a ser fresco a pesar do paso do tempo?** Traballando nel.

**Vostede tivo unha serie de problemas de saúde nos últimos anos. Calquera persoa con noventa anos os ten.**

**Cres que seguir traballando a pesar da súa idade o axuda a manterse máis san e ocupado?** Non.

**Mirando cara a atrás, hai algún intre da súa carreira que considere especialmente feliz ou creativo?** Que quere dicir?

**Se hai algún momento favorito para vostede?** Cando o meu compañeiro estaba vivo.

**Dean Martin?** Si (...) Era marabilloso.

**Estás a traballar nalgún proxecto no ano do teu 90 aniversario?** Si, pero non é nada do que vaíamos falar agora.

Publicado en [slate.com](http://slate.com)

\*\*\*

## Unha sabia mostra de dirección

Por Noel Murray

Na época na que Jerry Lewis coescribiu, coproduciu, dirixiu e protagonizou *O profesor chalado*, xa tiña actuado nos anteriores 15 anos ás ordes de brillantes cineastas como Norman Taurog ou Frank Tashlin. Pero Lewis non dirixira ningún até 1960. *O profesor chalado* foi a cuarta película tras a cámara de Lewis e nela revélase todo o que aprendeu de Tashlin e

a súa filosofía do gag, ou de artistas como Chaplin ou Tati, tamén grandes actores e estilistas da imaxe. (...) *O profesor chalado* é unha adaptación en clave de humor do *Dr. Jekyll e Mr. Hyde* de Robert Louis Stevenson e o meirande chiste do filme é que o *monstro* é Buddy Love un artista sedutor. Desde o seu lanzamento, en 1963, críticos e afeccionados deron por feito que o personaxe de Love estaba baseado en Dean Martin, de quen Lewis se tiña distanciado na altura. Se ben Lewis negou sempre tal posibilidade a parodia funciona mesmo hoxe en día, ridiculizando a imaxe de *macho man* vendida desde a industria.

Os mellores gags d'*O profesor chalado* lembran os filmes de Tashlin: Kelp tentando erguer o corpo nunha cadeira baixa poñendo un libro baixo o cu; Kelp tentando erguer unhas pesas que lle fan estirar os brazos até o chan... Mais estes gags serven para un propósito tamén: ilustrar como moita xente tenta modificar a súa personalidade e perfilar o seu corpo, aínda que sexa dunha maneira menos drástica que o personaxe de Lewis. Na metade do filme hai unha breve montaxe na que Kelp olla a Stella, imaxinándoa con diferentes vestidos. Nese intre de sonho a Stella que senta na clase e a que permite que Love bata nela semellan dúas persoas diferentes tamén. Non se trata dun erro de continuidade por parte de Lewis, senón dunha sabia mostra de dirección.

Publicado en <http://thedissolve.com>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónete  
agora e ven  
sempre por

4€

Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo

Faite  
NUMAX!